

OUTRAS ENTIDADES

FUNDACIÓN MARCO, MUSEO ARTE CONTEMPORÁNEO DE VIGO

Contratos administrativos

ARRENDAMENTO DE INDUSTRIA RESTAURANTE CAFETERÍA DO MARCO, MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO, SITO NO EDIFICIO DO MARCO, RÚA PRÍNCIPE, 54

FUNDACIÓN MARCO

ANUNCIO

1. Entidade adxudicadora

- a) Organismo: Fundación MARCO.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Xerencia.

2. Obxecto do contrato

- a) Tipo de contrato: arrendamento.
- b) Descrición do obxecto: arrendamento de negocio Restaurante Cafetería do MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo.
- c) Prazo de execución do contrato: Un (1) ano prorrogable, de mutuo acordo, ata 4 anos.

3. Tramitación: Ordinaria.

4. Procedemento: Aberto.

5. Base ou tipo de licitación: 750 € mensuais e o IVE correspondente, actualizables ao incremento do IPC anual.

6. Garantía provisional: Non se esixe.

7. Obtención de documentación e información: Plataforma de Contratación do estado e web do MARCO <http://www.marcovigo.com/content/perfil-do-contratante>. Onde de se publicaran pregos e na Plataforma de Contratación do Estado.

Tel.: 986 11 39 00 Xerencia.



Luns, 28 de decembro de 2020

Núm. 248

8. Presentación de ofertas

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse de luns a venres de 09.00 a 15.00 na Fundación MARCO, rúa Príncipe, 54,36201 de Vigo durante os 25 días naturais contados a partir da publicación da mesma. Se o último día do prazo fose sábado ou día inhábil, o prazo rematará o inmediato día hábil seguinte.

Os pregos de cláusulas administrativas e técnicas serán publicados no Perfil do Contratante da web da Fundación MARCO e na Plataforma de Contratación do Estado. Poderá publicarse, así mesmo, aquela outra información ou documentación que sexa necesaria ou conveniente.

9. Criterios de adxudicación

Son os establecidos na cláusula 8ª do prego de cláusulas administrativas particulares.

10. Documentación necesaria

Ver pregos administrativo. Saliéntase a presentación de oferta económica con prezo anual e impostos indicados separadamente en sobre pechado e separado do resto de información e identificado no exterior.

12. Apertura de proposicións

O día de apertura de proposicións económicas fixarase no perfil de contratante e comunicarase por e-mail aos licitadores cando menos, 3 días antes da súa celebración e sempre en data posterior á comunicación da valoración dos outros criterios.

13. Gastos de publicidade

A cargo do contratista adxudicatario.

14. Outra información de interese

Previa cita ofrécese visita ás instalacións os martes, xoves e venres en período de licitación entre as 10.00 e as 11.30.

En Vigo a 15 de decembro de 2020

Martiño Nogueira – Xerente Fundación MARCO

